

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DE 19 DE OUTUBRO

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00044838S.

[Ratificación da urxencia da convocatoria.]

Ratifícase a urxencia.

2. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00033765M.

[Gratificacións por servizos realizados cando a xornada habitual de traballo coincide en sábado, domingo ou festivo, polo Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento e pola Policía Local no período que abrangue do 1 de xaneiro ao 30 de abril do ano 2023.]

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto da compensación económica variable e non fixa, polo traballo ordinario realizado cando a xornada habitual de traballo coincide en sábado, domingo ou festivo polo persoal da Policía Local, correspondente aos meses de xaneiro a abril do ano 2023.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer o gasto da compensación económica variable e non fixa, polo traballo ordinario realizado cando a xornada habitual de traballo coincide en sábado, domingo ou festivo polo Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, correspondente aos meses de xaneiro a abril do ano 2023.

3. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00033952P.

[Gratificacións por servizos extraordinarios fóra da xornada habitual de traballo, realizadas por parte da Administración Xeral e polo servizo de Extinción de Incendios e Policía Local, durante o período que abrangue desde o 1 de xaneiro ao 30 de abril do ano 2023.]

Apróbase a proposta.